

## Forma do texto

Consignada con **números arábigos** separados por **espazos**. Poden aparecer varias posibilidades no transcurso da interpretación, separadas por comas (exemplo: 1 1 2 3 , 1 2 3 4). Cada número representa un verso. O **0** representa as sílabas baleiras, que, de formaren verso musical, estarán separadas por espazos; de non formalo, ao estaren ligadas a un determinado verso, irán unidas a el por un guión (**4-0**).

Coa axuda destes números identificamos cal ou cales dos versos se repiten xunto cunha determinada música. Por exemplo, se na forma musical temos A B /:C D:/ (repetición do 3º e 4º versos musicais), isto pode realizarse no nivel literario de diversas maneiras:

Coa repetición dos dous últimos versos: 1 2 3 4 3 4;

coa repetición do último verso: 1 2 3 4 4 4;

coa repetición do último verso e sílabas baleiras (p. ex: *ai la le lo*): 1 2 3 4 4 0;

con dous versos en sílabas baleiras: 1 2 3 4 0 0;

ou outras posibilidades.